
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA PROMOVER E POTENCIAR O GALEGO A TRAVÉS DA REVISTA DORNA

En Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017

REUNENSE

Don...., conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don...., reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude do establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitor polo Decreto 62/2014, do 28 de maio, (DOG nº 105 do 4 de xuño de 2014), actuando en nome e representación da devandita entidade.

EXPOÑEN:

Un. Que ambas as dúas partes comparecentes consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 3.2 da Constitución española sobre a oficialidade das outras linguas españolas nas respectivas comunidades autónomas e o artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia que establece que a lingua propia de Galicia é o

galego e que os poderes públicos de Galicia potenciarán o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Que así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, concretamente no artigo 20.2, establece que o Goberno galego estimulará as manifestacións culturais feitas en lingua galega. Que no ámbito da administración autonómica galega, correspóndelle, á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaria Xeral de Política Lingüística, as competencias en materia de política lingüística.

Dous. Que a Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, establece no seu artigo 16 que como medida para impulsar e axilizar a edición, a Xunta de Galicia, a través de convenios, cooperará con outras administracións públicas, institucións e entidades públicas e privadas para a creación, tradución, edición, difusión, distribución e comercialización de libros e outros materiais que teñan por finalidade a difusión da cultura e do patrimonio galego.

Tres. Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado, por unanimidade, do Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, establece como obxectivo da área de promoción da lingua no exterior o impulso e proxección da lingua e da literatura galegas fóra de Galicia como manifestación dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego. Así mesmo, no Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, que aprobou o Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do día 4 de agosto de 2016, se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a dinamización plena do idioma galego, co fin de incrementar produtos e servizos en galego e impulsar unha imaxe de marca diferencial propia de Galicia e os seus produtos que estea vinculada á calidade e á innovación.

Catro. Que Universidade de Santiago de Compostela (en diante a USC) é unha entidade de dereito público cunha estrutura de goberno, autonomía e competencias propias establecidas por Lei orgánica e polos propios estatutos, onde se recolle que o galego ten o carácter de lingua oficial. Que entre as súas funcións, a USC desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico e, así mesmo, realiza publicacións relacionadas con estas funcións.

Cinco. Que entre as publicacións que elabora a USC figura *Dorna*, unha revista de expresión poética galega que nace en 1981 na Cátedra de Lingüística e Literatura galega da Facultade de Filoloxía da USC. Esta revista en lingua galega, ten unha periodicidade anual e a súa temática é a creación poética, literaria, traducións e estudos de crítica literaria. Trátase da única publicación miscelánea e periódica de poesía que se publica en Galicia.

Seis. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela, que teñen intereses coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións de normalización lingüística e no cumprimento dos obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua e do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico para conseguir aumentar a presenza e difusión do galego no exterior, así como ofrecer unha canle editorial aos autores e autoras noveis no cultivo lírico da lingua galega.

Sete. Que para levar a cabo as actuacións que se prevén neste convenio faise constar que non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência, xa que se trata dunha actividade de interese público e social que pola súa exclusividade e singularidade fan evidente a imposibilidade de promover a concorrência en convocatoria pública para levar a cabo as actuacións previstas no convenio e, ademais a Universidade de Santiago de Compostela posúe en exclusividade os dereitos sobre a citada publicación. Non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, que establece o artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, e dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Universidade de Santiago de Compostela para ofrecer unha canle editorial aos autores e autoras noveis con arelas no cultivo lírico da

lingua galega, contribuíndo á difusión da citada revista nos Centros de Estudos Galegos en universidades estranxeiras dependentes da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións para potenciar o fomento e a difusión do idioma galego a través da Revista *Dorna. Expresión poética galega*, que realiza esta universidade.

Segunda. Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio, a Universidade de Compostela comprométese a editar 600 exemplares do número 40 da *Revista Dorna. Expresión poética galega* e asume e o compromiso de garantir un control de calidade lingüística dos contidos que publique.

Para o cumprimento dos obxectivos deste convenio, a USC facilitará o persoal, as infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

Terceira. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta. Utilización da lingua galega.

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio deberán levar a cabo de acordo co contemplado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Quinta. Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización desta acción cunha achega de

dous mil euros (2.000,00 €), cantidade na que se inclúen todos os impostos con cargo á partida orzamentaria 10.30.151A.481.0, correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Así mesmo, deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

A USC percibirá a cantidade sinalada na estipulación sexta nunha soa achega para o que presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2017, na Secretaría Xeral de Política Lingüística a seguinte documentación, por duplicado:

- Certificación do departamento impresor da publicación no que conste o número de exemplares da tiraxe.
- Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas. Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.
- Un informe (dúas copias en soporte papel e unha en soporte informático) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da

lingua.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, a USC presentaralle a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Ademais disto, antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, a USC presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, a USC deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A USC procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

No caso de que a xustificación dos gastos e pagamentos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, a USC comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de mora segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A USC facilitará toda a información que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria lle requira, así como a que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima .- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Oitava. Comisión de Seguimento

Para a supervisión deste convenio crearase unha comisión paritaria que coordinará o seu desenvolvemento, planificación e cumprimento e que estará constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e por dous representantes da USC.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Novena. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación. Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro.

Decima. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha —nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeira. Resolución do convenio

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De ser resolto o convenio por incumprimento da USC, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas para o seu financiamento.

Décimo segunda. Publicidade

En todas as actividades, actuacións informativas, divulgativas e publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar nun lugar destacado a colaboración das dúas partes e usaránse para iso, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de imaxe corporativa.

Así mesmo, sexa cal for o medio de difusión, calquera das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se

aproba o regulamento da citada lei e a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

A posible discrepancia na aplicación e interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou resolverao a Comisión de Seguimento prevista na estipulación oitava.

A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asinan tres copias del no lugar e data mencionados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O reitor magnífico da Universidade de
Santiago de Compostela